

## O CONCELLO DE CUNTIS DEBERÁ PEDIR UN CRÉDITO PARA PAGAR DÉBEDAS ATRASADAS

- *Non é só lamentable que o Concello de Cuntis chegase a esta situación incorrendo en gastos desproporcionados nalgunhas materias. Ademais diso, non é de recibo que o Alcalde se negue a dar explicacións e siga actuando con total opacidade.*
- *O Goberno Municipal sacou durante o último trimestre do pasado ano a licitación dunha póliza de crédito por valor de 350.000 euros. Ningunha entidade bancaria aceptou participar nesa licitación e o concurso quedou deserto.*

Cuntis, 12 de xuño de 2021

A situación financeira do concello de Cuntis presenta un delicado estado de saúde. Segundo o informe da Intervención Municipal correspondente á última liquidación da Conta Xeral, **a xestión económica do PSOE provocou** o incumprimento da regra fiscal de estabilidade orzamentaria (-793.543,10 €), a regra de gasto (-121.283,60 €), un remanente de tesourería negativo (-563.312,95 €), un aforro neto negativo e o incumprimento do Período Medio de Pago a Provedores. Ante a obriga de solventar esta situación, **o Goberno Municipal sacou durante o último trimestre do pasado ano a licitación dunha póliza de crédito por valor de 350.000 euros**, a devolver cos seus correspondentes intereses, no prazo dun ano. Este importe adicariase ao pago de facturas pendentes que o Goberno do PSOE leva sen atender, algunhas delas, dende o ano 2017, e que provoca que o Concello de Cuntis se atope entre os tres da provincia de Pontevedra que máis atraso acumula no pago a provedores, incumprindo o Período Medio establecido por lei e presentando unha demora de 227 días (cando a lei permite unicamente 30).

**Ningunha entidade bancaria aceptou participar nesa licitación, o concurso quedou deserto e o Concello de Cuntis sen o contrato que pretendía.** Así o confirmou o Alcalde no decreto 0128/2021 de 2 de marzo, no que resolve literalmente: *“Declarar deserta a licitación do procedemento de contratación para a contratación dunha operación de crédito (...) ao non existir ningunha oferta ou proposición presentada no prazo habilitado ao efecto”*.

No último pleno celebrado en Cuntis, o Voceiro Municipal de Veciñanza, Santi Martínez, tratou de que o Alcalde aclarara a situación tanto para constancia dos membros da Corporación como de todos os veciños e veciñas de Cuntis. **O alcalde negouse a ofrecer explicacións** e unicamente confirmou que o Concello ten que recorrer a **“mecanismos extraordinarios de pago” para afrontar a delicada situación económica que atravesamos o Concello de Cuntis**, despois de moito insistir o representante de Veciñanza. Con toda certeza, ao que se refería o Alcalde de Cuntis é a contratación dunha póliza de crédito baixo as condicións que a entidade bancaria elixida lle impoña, e co pago de intereses que esta determine.





A xestión económica do PSOE nos últimos seis anos situou ao concello **ás portas dun rescate financeiro e intervención por parte do Ministerio de Facenda**, á vista do incumprimento das regras fiscais que acumula o Concello de Cuntis. Unicamente a suspensión da aplicación das regras fiscais de control do déficit anunciadas o pasado setembro por parte do Goberno do Estado puido evitar que Cuntis se vise na obriga de presentar un Plan Económico Financeiro

Non é só lamentable que o Concello de Cuntis chegase a esta situación incorrendo en gastos desproporcionados nalgunhas materias e mantendo unha estrutura de ingresos descompensada pola ineficacia do PSOE e a súa negativa a reformular as ordenanzas fiscais. Ademais diso, non é de recibo que o Alcalde se negue a dar explicacións aos membros da Corporación e siga actuando con total opacidade.

